

# REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

# máis auga

A continuación detállanse as normas de uso das instalacións segmentadas por tipos de servizos, en virtude do **REGULAMENTO DE SERVIZOS DOS CENTROS DEPORTIVOS MUNICIPAIS MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS. EXPTE. 12031/333 (DS28/101)**, Aprobado en Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2013. Estas regulacions son de obrigado cumprimento para todos os usuarios/as, que aminorarán a súa conformidade mediante a sinatura da correspondente folia de inscrición, onde vai exposta de forma resumida.

Este documento está a disposición dos usuarios/as no taboleiro principal situado na recepción, así como en diferentes puntos de información existentes na instalación.

Ademais a través de diferentes paneis informativos, preténdese concienciar a todos os usuarios/as da importancia de cumprir a normativa para unha mellor convivencia de todos e conservar en bo estado as instalacións.

**NORMAS XERAIS:**

1 A entrada ás instalacións efectuarase polos accesos autorizados, quedando prohibido acceder libremente por calquera outra zona do complexo deportivo.

2 Por cada tipo de servizo contratado, o usuario/a ten dereito a utilizar a instalación dun modo determinado e durante un tempo concreto.

3 Prohibese a entrada de animais á instalación, agás cans de guía, así como obxectos que poidan danar ou causar molestias aos usuarios.

4 Todos os usuarios/as deben velar polo bo estado de conservación das instalacións e servizos, impedindo ou denunciando todo acto que vaia no seu detrimento e advertindo aos empregados/as cando observen anomalías no uso das instalacións ou do material.

5 Queda terminantemente prohibido fumar nos recintos deportivos.

6 O uso das instalacións debe de facerse coa roupa e calzado deportivo axeitados. Non se poderá acceder con calzado da rúa directamente á sala fitness e de actividades, polo que o usuario/a deberá mudarse de calzado no vestiario correspondente.

7 Os adultos que acompañen aos menores que acudan aos cursos na instalación deben esperar a que estes rematen a actividade na zona de Recepción habilitada para tal fin. Non poderán permanecer no interior dos vestiarios, zonas de tránsito ou zonas deportivas durante o período de realización do curso.

8 É obrigatorio usar as papeleiras e colectores para depositar o lixo, ademais de separar os distintos residuos segundo se indica aos usuarios nos distintos colectores. Así respéctase o procedemento integrado de xestión de calidade e medio.

9 Por seguridade non está permitido o uso de aparellos eléctricos e electrónicos, fora das zonas habilitadas para eles.

10 O uso de roupa é obrigatorio en diferentes zonas da instalación (sala fitness-musculación, sala spinning, sauna). Na recepción da instalación se poderá alugur toallas para unha maior comodidade, no momento de iniciarse este servizo.

11 Queda prohibida a entrada á instalación ás persoas que padezan algunha enfermidade transmisible, especialmente afeccións cutáneas. O persoal da instalación poderá prohibir a entrada no caso de sospetar este tipo de situacións.

12 Os usuarios da instalación están obrigados en todo momento a atender as indicacións das persoas encargadas do control da instalación (scoonista/monitor/a/outros). Un comportamento antisocial terá como resultado a expulsión do recinto do infractor por parte do persoal da instalación e/ou a baixa automática coma usuario dos centros MOA.

13 A empresa concessionaria dispón dun seguro que cubre a responsabilidade civil derivada da súa actividade. O usuario que sufra un incidente acaecido no interior da instalación deberá comunicalo en recepción antes de abandonar o recinto. No caso de que o incidente este ocasionado pola negligencia do persoal ou por defectos da instalación, os custos derivados da súa resolución correrán a cargo do seguro da empresa concessionaria. En caso contrario, a empresa non se fará responsable dos custos derivados do incidente (gastos hospitalarios, transporte de emerxencias, medicamentos, etc.).

14 O causante de todo dano ocasionado ás instalacións e/ou ao material debido a un mal uso das mesmas e/ou polo incumprimento das normas estará obrigado a sufragar economicamente a reposición do material e/ou á reparación das instalacións danadas.

15 Se vostede padece algún tipo de patoloxía, lesión ou ten algún factor de risco (diabetes, hipercolesterolemia, etc.) deberá consultar co seu médico a conveniencia de realizar exercicio físico, así como comunicalo ao seu monitor/a e/o scoonista, cubrindo no momento da alta o Cuestionario de aptitude para a actividade física (PAR-Q).

**HORARIO DA INSTALACIÓN:**

16 **horario inverno:** A disposición dos usuarios/as no taboleiro principal situado na recepción do centro.

O acceso a instalación efectuarase na hora indicada (sempre e cando o SOS estea no interior da instalación).

30´ antes da hora de peche, acabárase a utilización das diferentes zonas deportivas, para cumprir o horario de peche.

17 **horario de verán:** A empresa concessionaria resérvase o dereito de establecer nos meses de Xullo e Agosto un horario reducido d apertura, que será debidamente comunicado ao longo do mes de Xuno, sen que implique unha redución proporcional da cota mensual.

18 Tamén nos meses de Xullo e/ou Agosto poderán pecharse diferentes partes da instalación por mor dos baleirados dos vasos ou outro tipo de obras e reparacións que se precisen realizar, sen que por iso existe repercusión no prezo do Abono mensual, dando alternativas de uso en outra instalación.

**NORMATIVA XERAL DOS SUBSCRITORES (Abonados e Cursillistas):**

19 Posibles modificacións nos tipos de subscrición. A empresa vestaria poderá facer variacións, informando con anterioridade aos usuarios.

20 Para inscribirse como subscriptor (Abonado e cursillista) da instalación deberá formalizar a folia de inscrición, o formulario Par-q e presentar toda a documentación necesaria (fotocopia do DNI, fotocopia do libro de familia/certificado de parella de feito con cota de abonos familiares, fotocopia número de conta bancaria, e certificado do grado de discapacidade en caso de optar a este tipo de Abono).

21 No momento da inscrición deberase aboar en efectivo a cantidade correspondente á primeira mensualidade, así como a cota de inscrición (matricula) en caso dos Abonados.

22 A matricula, do mesmo importe que o abono contratado, é de carácter irrecuperable, terá validez dende o día no que realice a inscrición ata o día en que o usuario cause baixa perdendo os dereitos da cota de inscrición, tendo que volver a aboala novamente no momento de unha nova inscrición. A empresa concessionaria poderá habilitar cotas de mantemento ou excedencia, de xeito que se eximirá ao usuario do pagamento dunha nova cota de inscrición e garantirásse a reserva da súa praza nun período determinado. En caso de cambio de tipo de Abono, abonarase a parte proporcional da matricula en caso de ser un cambio a un abono de maior importe. No caso contrario, non se devolverá a parte proporcional.

23 O cobro das cotas iradas realizárase sempre por anticipado, a través da domiciliación bancaria na conta corrente alixada polo usuario. Os recibos domiciliados enviaríase a través de remesa bancaria o día 25 do mes anterior e serán descontados da conta do cliente o primeiro de cada mes.

24 A baixa da instalación deberase cumprir por escrito en recepción, indicando o motivo da baixa. As baixas efectuaranse sempre antes do peche da instalación do día 24 as do mes anterior ao que a baixa sexa efectiva. Non se poderán tramitar devolucións ou compensacións se non se cumpren estes prazos. Para recuperar a fianza da tarxeta/pulseira esta deberá ser entregada na recepción do centro unha vez a baixa sexa efectiva.

25 Cando un recibo sexa devolto pola entidade bancaria, tras o correspondente aviso dende administración (sms, mail ou chamada telefónica) o importe adeudado pagárase en efectivo na recepción da instalación, abando o custo da devolución do recibo bancario (gastos bancarios), ata o momento de dito abono o acceso polo tempo permanecerá bloqueado de forma automática.

26 Os subscriptores que non estean ao corrente do pagamento das súas cotas non poderán acceder á instalación (independentemente que sexa parte ou a totalidade dos servizos contratados). A empresa concessionaria pasará a tramitar a baixa automaticamente se o día 24 non se aboou o importe pendente. Ademais, cando se existiran dúas devolucións consecutivas dos recibos, pode ser motivo de baixa automática como subscriptor.

27 As persoas que causen baixa e desexen formalizar a inscrición novamente, deberán de estar ao corrente do pagamento de todas as cotas anteriores á súa baixa.

28 Dirección das instalacións resérvase o dereito de anular a condición de subscriptor cando se produza a devolución reiterada das cotas por parte da entidade bancaria.

29 Todas as modificacións que afecten aos datos contidos na ficha de inscrición, principalmente os datos persoais ou bancarios, deberanse notificar persoalmente e por escrito na instalación.

30 Para acceder á instalación é imprescindible a presentación do carne/pulseira de subscriptor. O usuario está obrigado a presentalo/la sempre que o persoal da instalación o requira. En caso de non presentar o carne/pulseira de subscriptor de forma reiterada, a Dirección da mesma pode determinar que para poder acceder á instalación habérá que aboar o prezo equivalente a unha entrada libre.

31 O carne/pulseira é persoal e intransferible, e só pode ser utilizado polo titular. No momento da darse de alta pagárase unha fianza que será devolta no momento da baixa (previo intercambio do carne/pulseira). No caso de que unha tarxeta/pulseira sexa utilizada por unha persoa diferente ao titular da mesma, esta será utilizada e o titular deberá pagar unha nova fianza para poder seguir accedendo aos centros. No caso de uso fraudulento da mesma de forma reiterada, causará a baixa de forma automática na instalación.

32 No caso de existiren dúbidas sobre a identidade do portador/a do carne/pulseira, e por requirimento do persoal da instalación, o usuario/a deberá identificarse cun documento acreditativo (DNI, pasaporte ou similar).

33 No caso de perda do carne/pulseira, deberase comunicarl a mesma en recepción. O persoal de recepción deberá emitir un duplicado, no caso de ser a primeira tarxeta/pulseira duplicada perderíase automaticamente a fianza da mesma, a partir do 2º duplicado implicaría o pagamento dun novo carne/pulseira, e así sucesivamente.

34 As normas de utilización expostas nas distintas zonas da instalación deben ser respectadas en todo momento.

35 A dirección do centro resérvase o dereito de proceder ao peche das instalacións de forma parcial ou total en cumprimento da normativa aplicable, ou por causas de forza maior tales a empresa concessionaria, sen dereito a devolución da cota correspondente.

36 Existen follas de reclamacións e suestións a disposición dos clientes na Recepción.

37 Tipo de subscrições:

37.1 **Abonados:**
37.1.1 Servizo de carácter mensual (do 1 ao 28/30/31 de cada mes), e de medio mes (do 16 ao 28/30/31). O abonado de medio mes non suporá unha redución no importe da Matricula.

37.2 Non teñen limitación horaria no uso da instalación (salvo restricións puntuais no número de rúas dispoñibles na piscina ou por superar o aforo xeral de cada unha das zonas). Teñen dereito a baño libre na piscina, zona spa (cota Máis Spa), sala fitness (adestramentos básicos personalizados), e uso libre de determinadas actividades dirixidas na sala (Programación mensual, ditas actividades “de balde” poden estar suxeitas a modificacións de horarios e monitor/a sen previo aviso).

37.3 Cota Máis Spa (Só Barreiro e Coia-Florida). Todas cotas inclúen un suplemento opcional, para o acceso á Zona Spa, segundo tarifas oficiais do Eicmo. Concello de Vigo.

37.1.4 Abonado INDIVIDUAL, de 26 a 59 anos (inclusive)

37.1.5 Abonado XOVE, de 10 a 25 anos inclusive (con documento acreditativo da idade).

37.1.6 Abonado 3ª Idade, a partir de 60 anos (con documento acreditativo da idade).

37.1.7 Abonado DISCAPACITADO, igual o superior ao 33% (certificado do organismo oficial competente).

37.1.8 Abonado MATINAL, de luns a venres co n horario reducido.

37.1.9 Abonado MATINAL MEDIODÍA (SOLO NAVIA) 07.00 a 16.00 (de luns a venres)

37.1.10 Abonado FIN DE SEMANA (SOLO NAVIA). Venres a de 16:00 a 23:30, sábados de 09:00 a 21:00 e domingos de 09:00 a 14:30.

37.1.11 Abonado FAMILIAR TITULAR (Libro de Familia ou certificado parella de feito).

36.1.12 Abonado FAMILIAR CÓMUNE.

36.1.13 Abonado FAMILIAR FILLOS, nenos/as ata 14 anos inclusive (relacionados necesariamente cun Abonado Familiar Titular)

36.1.14 Os Abonados poderán acceder indistintamente ás instalacións, unicamente poden utilizar os servizos de Abonado (baño libre, spa (cota Máis Spa), zona fitness-musculación e actividades de libre acceso para Abonados), coa posibilidade de contratar tamén servizos de “cursos específicos” en calquera das tres instalacións. En caso de acadar o número máximo de Abonados, a empresa concessionaria poderá establecer restricións horarias no centro ó que non pertence o Abono, co fin de evitar masificacións.

36.1.15 Os Abonados terán un porcentaxe de desconto no programación técnica.
36.1.16 Oo obxectivo de evitar incómodas masificacións da instalación, a empresa Concessionaria poderá establecer un número máximo de Abonados por cada un dos tipos de Abonos, habilitándose unha lista de agarda, para cada un deles, que utilizarase no momento da baixa dun abonado activo, sempre e cando non este acadado o número máximo de abonos de cada tipo. Terán preferencia os usuarios xa inscritos en outras actividades na instalación (Cursos, bonos, etc.).

36.1.17 Para darse de alta como Abonado/a o/a interesado/a deberá comunicalo en calquera momento do mes anterior ao mes de alta. A alta producirase de maneira automática sempre e cando existan prazas libres. En caso contrario, a alta realizarase e a partir do día 26, unha vez a empresa concessionaria teña comprobado o número de prazas liberadas e dispoñibles.

37.2 **asistentes a cursos (a la ou ao piscina).**

36.2.1 Servizo de carácter mensual (do 1 ao 28/30/31 de cada mes), e de medio mes (do 16 ao 28/30/31). O pago dos cursos é trimestral (puntualmente poderase ofertar actividades de carácter mensual).

37.2.1 a Outubro a Decembro.

37.2.1 b Xaneiro a Marzo.

37.2.1 c Abril a Xuíno.

37.2.2 Os Abonados teñen un 50% de desconto no importe do curso. No caso de solicitar a baixa do Abono, antes do remate do trimestre, para conservar a praza no curso, haberá que pagar a diferenza existente entre o prezo para Abonados e o prezo para Eventuais. No caso contrario significará a baixa automática do curso sen dereito a devolución da cota inicial contratada.

37.2.3 Os asistentes aos cursos NON abonados teñen dereito de acceso á instalación 20 minutos antes do inicio da actividade, á participación no curso no dispoñen praza (45 minutos) e a 30 minutos de vestiario despois da clase. No caso de sobrepasar este tempo, poderíase solicitar ao cursillista o pagamento dunha entrada libre.

37.2.4 A alta como asistente aos cursos poderá efectuarse con carácter inmediato. Non obstante poderase programala para o día 1 ou para o día 16. En calquera caso, o pago ascenderá á parte proporcional do mes/trimestre do período contratado.

37.2.5 Os asistentes aos cursos subscriptos á instalación terán á súa disposición unha “Lista de agarda Interna” para poder reservar praza en grupos completos. O persoal da instalación porase en contacto cos membros da lista (mediante sms, correo electrónico, teléfono, etc.) por orde de reserva para informarlles de que dispoñen dun prazo máximo de 24 horas para acudir persoalmente á instalación e formalizar a súa praza.

37.2.6 A partir do día 16 de cada mes, poderanse subscribir as prazas dispoñibles de medio mes (persoas non incluídas na lista de agarda), no caso de haber prazas dispoñibles

37.3 **entradas libres:**

37.3.1 Por motivos de seguridade, no momento do pago da primeira entrada, será obrigatorio cumprimentar unha folia de inscrición con todos os datos (nome, apelidos, dñi, domicilio, teléfono, correo electrónico). En sucesivas ocasións será necesario identificarse antes de mercar calquera tipo de entrada libre, mostrándoo identificación acreditativa.

37.3.2 Entrada de Piscina: o portador terá dereito a 1 hora de baño libre na piscina grande e/ou na piscina mediana.

37.3.3 Entrada de Sala Fitness: o portador terá dereito a 1 hora de uso libre da Sala Fitness-Musculación.

37.3.4 Entrada mixta e zona Spa: o portador terá dereito, sen limitación horaria, ao uso de baño libre, sala fitness e zona relax.

37.3.5 Os portadores de Entradas de Piscina e Entrada de Sala Fitness terán dereito a 20 minutos de vestiario antes, e 30´ despois da hora de uso da instalación. No caso de exceder o tempo total (1 hora e 50´), o usuario deberá proceder ao pagamento dunha segunda entrada á súa saída da instalación.

37.3.6 Con obxectivos de evitar incómodas masificacións da instalación, calquera dos tipos de entradas anteriores poden estar suxeitos a restricións horarias puntuais ou permanentes en función do aforo de cada unha das zonas. Estas restricións serán debidamente comunicadas polo persoal de Recepción.

37.3.7 En todos os casos, co pago da entrada, entregáse un recibo o usuario/a con un código que habilita o paso a través do tornó principal, e tomo de zona spa (no seu caso). O usuario é responsable de conservar no seu poder dito recibo ata a saída da instalación para marcar novamente o código á saída, no caso de perda suporá unha sanción dunha segunda entrada, pagamos encarecidamente conserven dita entrada ata a saída do centro.

**NORMAS XERAIS PARA OS CURSOS (Piscina e Sala)**

38 É obrigatorio presentar o carné de subscriptor da instalación en recepción.

39 En caso de dúbida, pode ser necesario identificarse ao persoal da instalación para comprobar a pertenza ao grupo/servizo contratado.

40 Está prohibido introducirse na auga antes da chegada do monitor/a. O usuario deberá permanecer sentado no lateral da piscina.

41 É obrigatorio ducharse antes de introducirse no uso, así como o uso de gorro e chancas de baño.

42 Os bebés acudiran obrigatoriamente acompañados do seu pai ou nai, ou adulto designado polos primeiros. O adulto deberá permanecer xunto ao bebé durante o desenvolvemento da clase.

43 Para participar dos cursos de piscina, por mor de motivos de seguridade, os alumnos menores de 16 anos deben utilizar á cor do gorro establecido polo proxecto técnico.

44 Os maiores de 6 anos deberán mudarse nos seus respectivos vestiarios (masculino ou feminino). Existe un vestiario para grupos que poderá ser utilizado polos asistentes aos cursos, de acordo coas normas de organización que establece a dirección da instalación.

45 En canto ás clases de actividades dirixidas, deberá esperarse a finalización do grupo anterior, no exterior da sala, na zona destinada en cada caso.

46 A falta inustificada a máis dun porcentaxe dado de sesións nun período, porcentaxe que se determinará no seu momento pola dirección, pode supoñer a perda automática da condición de cursillista. Así, a dirección poderá ofertar a praza liberada a un novo cursillista segundo a lista de agarda existente a tal efecto.

47 As baixas efectuaranse sempre antes do peche da instalación do día 24 do mes anterior ao que a baixa sexa efectiva. Sen notificación por escrito da solicitude de baixa, esta non será tramitada. En caso de non respectar este prazo o importe permanecerá pendente hasta unha nova alta.

48 Os días festivos non se impartirán os cursos, así como nos Peches Técnicos Programados de Nadal e Verán. Os cursos coincidentes en días festivos e peches programados non serán recuperables.

49 Os cursillistas que non comuniquen a súa baixa no curso, automaticamente teñen a súa praza reservada de cara ó mes ou período seguinte (tamén que non se cancela automaticamente).

50 O primeiro día de curso deberá dirixirse ao monitor/a e indicarlle que é o seu primeiro día no curso.

51 Os cursillistas NON Abonados, antes ou despois do inicio do seu curso, non poderán utilizar outras prazas o servizos da instalación.

52 Para as actividades adestradoras/contratadas coas AMPAs, emitirase unha única factura cuadrimestral a nome da asociación/centro escolar polo número de prazas adxudicadas. A empresa concessionaria non tramitará de forma individual as altas e baixas dos membros da actividade dende a recepción. A non realización deste trámite administrativo implica un custo reducido do servizo.

**NORMAS DE USO DAS DUCHAS E VESTIARIOS**

53 Está prohibido utilizar envases de cristal.

54 A ducha se utilizará durante o tempo estritamente necesario.

55 Está prohibido botar botellas ou outros envases ao chan. Deberanse empregar as papeleiras destinadas a cada tipo de residuo.

56 É obrigatorio ducharse con zapatillas de baño.

57 En caso de observar algún dano (xaboerías rotas, duchas en mal estado, etc. prégase se comunique o feito na Recepción).

58 Non está permitido afeitarse, depilarse ou similares na zona de duchas nin nos demais espazos dos vestiarios.

59 O uso das taquillas é un servizo gratuíto que a empresa concessionaria ofrece os usuarios/as para ter baño chave as súas pertenzas, polo que pregamos colaboren no seu cuidado. Así mesmo a empresa non é responsable dos obxectos extraviados, sustraídos ou esquecidos en toda a instalación. Recoméndase non acudir con obxectos de valor.

60 As taquillas poden ser de dous tipos:

60.1 **De chave** (taquilla monedero): durante a estancia na instalación o responsable da taquilla, así como da chave da mesma, é o propio usuario/a. En caso da perda da chave, o/a usuario/a deberá proceder ao pagamento dunha taxa, que lle será indicada na recepción, para a súa reposición.

60.2 **De Cadeado:** o/a usuario/a pode traer o seu propio cadeado para deixar pechada a súa taquilla. Os cadeados pódense adquirir na Recepción da instalación.

61 Unicamente pódese utilizar unha taquilla por persoa e acceso.

62 Toda/a usuario/a que utilice as taquillas deberá deixalas baleiras ao remate da actividade ou ó abandonar o centro deportivo. Polo tanto, queda prohibido gardar unha taquilla exclusivamente para uso persoal (salvo no caso de ter o servizo contratado de forma mensual). As taquillas que permanezan pechadas ao remate da xornada de apertura poden ser abertas e baleiradas polo persoal da instalación.

63 A empresa concessionaria non se fai responsable do extravió, roubo, cambio ou deterioro de pertenzas e obxectos depositados no interior das taquillas e armarios de uso gratuíto postos a súa disposición.

64 Os usuarios/as que desexen contratar o servizo de alugueiro mensual de taquillas personalizadas a súa disposición unha única taquilla de forma mensual onde poderán deixar as súas pertenzas dun día para outro. Por seguridade soamente se proporcionará á limpeza interior da taquilla no momento que deive de estar alugada, ou cando o usuario así o indique. Neste último caso deberá proceder ao seu baleirado na noite anterior ao día previsto para a limpeza. A empresa concessionaria non se responsabiliza dos posibles roubos que poidan perpetrarse en ditas taquillas.

65 Os usuarios de natación escolar ou grupos organizados terán a súa disposición un armario con chave.

66 Os obxectos esquecidos nos vestiarios ou en calquera outra parte da instalación permanecerán na zona de “obxectos perdidos” durante un prazo máximo de 15 días. Se neste prazo non é reclamado polo seu propietario, a dirección da instalación procederá a entregar ditos obxectos (excepto toallas, roupa interior ou pertenzas molladas/suadas) a algunhas das entidades benéficas da

**NORMAS DE USO DA PISCINA:**

67 A capacidade máxima da piscina será de:

68.1 Piscina Grande: dispoñible no taboleiro da recepción do centro.

68.2 Piscina Mediana: dispoñible no taboleiro da recepción do centro.

69 É obrigatoria a ducha antes da inmersión en calquera dos vasos.

70 Prohibírase a entrada á instalación a todas aquelas persoas que non presenten as condicións hixiénicas e sanitarias axeitadas para a

inmersión na auga dos vasos, segundo indica o Regulamento Sanitario de piscinas de uso colectivo.

71 Obrigatoriedade de utilización de chanquetas nas zonas de vestiarios, duchas e zona de praia das piscinas. Recoméndase o uso de escarpíns (ademais das chanquetas).

72 Obrigatoriedade da utilización do bañador e gorro de baño nos 3 vasos.

73 Por razóns hixiénicas, non temos chanclas ou gorros de empréstito.

74 Prohibición da entrada na zona de baño e duchas con calzado da rúa.

75 Está prohibido correr pola zona de praia e saltar á auga de calquera maneira, agás nos cursos de natación baixo a supervisión do/a monitor/a do mesmo como contido da sesión.

76 Está prohibido comer e levar bebidas, agás auga.

77 Os/As nenos/as menores de 10 anos deberán de ir acompañados por un adulto en todo momento.

78 Os rapaces de entre 15 e 17 anos poderán acceder aos cursos de natación dirixido a adultos, mediante a previa presentación da autorización p/materna asinada polo/a pai/mãa/titor/a para asistir a dito espazo.

79 Deberanse respectar os horarios destinados ás diferentes actividades (natación libre, cursos, recreación, competicións, etc.).

80 A utilización das rúas de baño libre estarán sempre condicionada polo nivel de nado dos usuarios, o scoonista será a persoa encargada de indicar e distribuír os/as usuarios/as para unha ou outra rúa. Como mínimo estarán dispoñibles 2 rúas da piscina grande. Os tipos de rúas dispoñibles en función de cada momento son:

80.1 Rúa de “adestramento”: nado rápido e continuo pola dereita, utilización de material de adestramento especial (aletas, palas, etc. propio da/ usuario/a), non se poderá parar nin ao longo, nin nos fondos de vaso.

80.2 Rúa “relax”: nado rápido e continuo pola rúa, non se poderá parar nin ao longo, nin nos fondos do vaso. Non se pode utilizar material especial de adestramento (aletas, palas, etc.).

80.3 Rúa “lenta”: nado lento pola dereita da rúa, pódese descansar unicamente no comezo e final do vaso, sen molestiar aos demais usuarios. Non se pode utilizar material especial de adestramento (aletas, palas, etc.)

80.4 Rúa “lenta”: nado lento pola dereita da rúa, pódese descansar unicamente no comezo e final do vaso, sen molestiar aos demais usuarios. Poderase utilizar material especial de adestramento (aletas, palas, etc.)

80.5 Rúa “relax”: ou de permanencia estática, de nado puntual, intentando nadar pola dereita sempre que sexa posible. Non se pode utilizar material especial de adestramento (aletas, palas, etc.)

80.6 Rúa “curso”: unicamente cursos impartidos por persoal da instalación.

80.7 Rúa “reservada”: alugueiros, asociacións, clubes, etc.

81 Non se pode entrar á auga con gorras de mascor, tiras, etc.

82 Está terminantemente prohibida a realización de apeas nos vasos, salvo que o usuario presente ao SOS a licenza e seguro en vigor, da Federación de submarinismo ou da Federación de actividades sub-aquáticas, levando a cabo esta práctica baixo a súa responsabilidade.

83 O material didáctico só se poderá utilizar nos cursos con monitor/a. O único material de empréstito para os/as usuarios/as de baño libre son as tablas e pulis que están na caixa de empréstito, debendo ser devolto ao seu sitio no momento de finalizar a actividade.

84 O responsable máx do seguridade da zona de auga é o scoonista, polo que as súas indicacións deben ser respectadas en todo momento. O seu incumprimento pode ser motivo de expulsión da instalación por razóns hixiénicas e/ou de seguridade.

**NORMAS DE USO DO ZONA RELAX (Spa – Zona de contrastes):**

84.1 Vaso Spa: dispoñible no taboleiro da recepción do centro.

84.2 Zona Contrastes: dispoñible no taboleiro da recepción do centro.

85 Ou poderán acceder a esta zona os Abonados ou usuarios/as con entrada libre con Relax introducindo o seu código de Abonado (ou Eventual) no tornó correspondente.

86 Unicamente poderán acceder os maiores de 16 anos.

87 O tempo máximo de uso continuado será de 10 minutos por posto en xeral, e de 15 minutos para a Sauna e o Baño Turco. En momentos de aforo elevado, o persoal da instalación indicará a redución deste tempo para beneficio de todos os usuarios/as. Podendo establecerse un sistema de rotación en determinados postos, que deberá ser seguido por todos os usuarios.